



# Intemperiadas Correspondencias interartes con Xela Arias

Libraría Numax | Abril-outubro 2021

Sábado 15 de maio | 13:30\*



## IO MORALES malus sylvestris

*Intemperiadas, correspondencias interartes con Xela Arias* é un proxecto comisariado por Charo Lopes para a Libraría Numax. Ten como alicerce activar a pegada de Xela Arias: a sororidade instintiva, a desobediencia fronte a equilibrio inxusto, a creatividade e a experimentación coa palabra son a base para que novas artistas dialoguen hoxe coa poeta falecida en 2003. Este é o punto de partida. O desafío? Transformar o estímulo literario da autora homenaxeada este ano coa celebración do Día das Letras Galegas en outra cousa. A partir da poesía, desenvolver cadansúa obra-homenaxe, tendo como escenario privilexiado o propio espazo da Libraría.

Para isto contaremos con cinco artistas diferentes, en cinco citas entre abril e outubro, que desenvolverán unha parte do seu proceso creativo no espazo da libraría, en horario de apertura ao público. Un happening a acontecer entre a bibliografía básica e complementaria dos andeis de NUMAX, para desenvolver cinco disciplinas diferentes: a fotografía, a música, a ilustración, o téxtil e a cerámica.

**IO MORALES** (Pontevedra, 1986) é Técnica Superior de Artes Aplicadas á Escultura na Escola Mestre Mateo de Compostela (2008) especializada na creación téxtil. As pezas de lo están inspiradas na gama cromática e volumes da natureza, con exemplos como a colección espiga ou o xerseí dorna. Teñen protagonismo tamén os alimentos, destacando os broches chícharos ou o bolso de chocolate. De entre as súas influencias como deseñadora, destaca o peso na súa creación de artistas da tradición galega Maruja Mallo ou Sargadelos.

**Malus sylvestris.** A proposta de lo Morales inspírase na infancia rural de Xela Arias para tecer unha prenda a partir do agromar libre nunha contorna natural. O símbolo central é a maceira salvaxe (*malus sylvestris*). Eis a Xela instintiva que nos conecta coa vocación primixenia. A árbore froiteira que se fía coa simboloxía cristá do pecado, nunha proposta de volumes serpenteantes, e remata por se converter en protección e abrigo ao longo do proceso.

Co apoio da

**NUMAX**



Deputación  
DA CORUÑA

\*Prazas limitadas

Reserva previa en [comunicacion@numax.org](mailto:comunicacion@numax.org)